



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS.**

O Concello de Mondariz Balneario acolleuse á convocatoria de axudas para a contratación, en réxime de contrato formativo, dentro do Plan de Fomento da Empregabilidade da Deputación de Pontevedra publicado no BOPPO nº 74 de 19 de abril de 2022, do persoal que a seguir se especifica.

A Deputación Provincial subvencionou, mediante publicación do acordo no BOPPO nº 102, de 30 de maio de 2022, a contratación de 1 licenciado-grao en Dereito.

Características:

**PRAZA: CONTRATO FORMATIVO DE LICENCIADO/GRAO EN DEREITO.**

1. Duración: 12 meses.
2. Xornada: completa.
3. Retribucións Salariais: Salario Bruto: 1.166,66 €/mes.

Na selección das persoas beneficiarias dos contratos formativos aplicaranse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os establecidos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, de publicidade das convocatorias e das súas bases, transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros órganos da selección, independencia e discrecionalidade técnica na actuación, adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver, axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección e os demais establecidos na normativa vixente de aplicación.

Ase mesmo, para levar a cabo a selección o concello nomeará o tribunal cualificador, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e funcionamento dos órganos de selección.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, **adóptase a seguinte RESOLUCIÓN:**





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

1.- Aprobar a correspondente oferta de emprego da praza antes mencionada, tendo en conta que só poderán optar a ela as persoas candidatas que previamente remita ó Concello o Servizo Galego de Colocación. Esta oferta de emprego será remitida ó Servizo Galego de Colocación en modelo normalizado da Consellería de Traballo e Benestar.

2.- As bases para a selección das persoas aspirantes son as establecidas pola Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no BOP nº 74, de 19 de abril de 2022.

### **BASE PRIMEIRA.-**

O contrato formativo poderá concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes **requisitos:**

- a) Que estean en posesión dunha titulación universitaria ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
- b) Que estean inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- c) Estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
- d) Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
- e) Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.
- f) Que non estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.
- g) Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación. Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

### **BASE SEGUNDA.-**

**Criterios de selección das persoas beneficiarias das contratacións en réxime de contrato formativo:**



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR2CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

— De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso

— De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso

— De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso

— De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso

— De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso

— Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio ou 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR72CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería

(títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

O enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte:

<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestiontitulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terá en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no prazo establecido na base seguinte.

### **BASE TERCEIRA.-**

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondariz Balneario ou a través da sede electrónica **antes do día 21/06/2022 ás 14:00**.

### **Documentación a presentar:**

- Solicitud en modelo normalizado (Anexo I).
- Estar en posesión da titulación de Licenciatura/grao en Dereito.
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración responsable de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente (Anexo II).
- Certificado de vida laboral.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.).

### **BASE CUARTA.-**

SELECCIÓN.- O tribunal reunirse o día **22 de xuño de 2022 ás 10:00** e realizará a valoración dos méritos alegados polos aspirantes determinando a puntuación que lle corresponda de acordo co baremo de méritos especificado pola Deputación provincial de Pontevedra.



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR2CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

A Comisión de selección formulará proposta de contratación ó Sr. Alcalde, conforme co art. 61-12-c) do R.D. 2568/86, de 28 de novembro.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse na páxina web do concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva de persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para o posto de traballo ofertado.

### **BASE QUINTA.-**

O Tribunal avaliador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Adolfo Castro Carpintero, secretario interventor do Concello de Mondariz Balneario, ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: María Jesús Rodríguez Freire, secretaria interventora do Concello de Covelo, ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: Yolanda Ortega Otero, secretaria interventora do Concello de Mondariz, ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: Diego Lugilde López, administrativo do Concello de Mondariz, ou persoa que legalmente o substitúa.
- Secretaria: Anna Vanessa Silva Caballero, auxiliar administrativa do Concello de Mondariz Balneario, ou persoa que legalmente a substitúa.

### **BASE SEXTA.-**





## CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA: Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria; salvo que estes xa foran presentados anteriormente xunto a documentación de participación. O apartado capacidade funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente.

Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

### **BASE SÉTIMA.-**

LISTA DE RESERVA. Rematado o proceso selectivo, elaborárase unha lista de reserva, cunha validez de 12 meses dende o inicio do servizo, integrada polos candidatos que obtiveran as seguintes mellores puntuación finais as do proposto para ocupa-la praza obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados. No suposto de que a lista de reserva se esgotara ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederáase a presentar nova oferta no Servizo Galego de Colocación.

### **BASE OITAVA.-**

Para o non previsto nas Bases e naquilo que as contradigan, serán de aplicación a Lei, 7/85 do 2 de abril, o R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o R.D. 896/1991 do 7 de xuño, e demais normas de aplicación.

### **ANEXO I - SOLICITUDE**

A persoa que abaixo asina solicita ser admitida no **proceso selectivo para contrato formativo de licenciado/a- graduado/a en Dereito** para o Concello Mondariz Balneario, **“PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”** da Deputación Provincial de Pontevedra, a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para a contratación en practicas polo Concello de Mondariz Balneario e as especialmente sinaladas na convocatoria.



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR72CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

**DATOS PERSOAIS**

DNI:  
PRIMEIRO APELIDO:  
SEGUNDO APELIDO:  
NOME:  
DATA DE NACEMENTO:  
NACIONALIDADE:  
TELÉFONO DE CONTACTO:  
TELÉFONO MÓBIL:  
DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO:

**DOMICILIO**

RÚA OU PRAZA / NÚMERO:  
CÓDIGO POSTAL:  
CONCELLO/PROVINCIA:

**TÍTULO ACADÉMICO REQUIRIDO PARA O POSTO**

NOME:  
NOME DO CENTRO E LOCALIDADE:  
ANO DE EXPEDICIÓN:

A instancia acompáñase de:

- Solicitud en modelo normalizado (Anexo I).
- Estar en posesión da titulación de Licenciatura/grao en Dereito.
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración responsable de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade prevista na lexislación vixente (Anexo II).
- Certificado de vida laboral.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.), con indicación do número de horas.

**Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos**

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR2CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

|                              |   |
|------------------------------|---|
| <b>Responsable</b>           | Concello de Mondariz Balneario.   |
| <b>Finalidade Principal</b>  | Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións derivadas destes.  |
| <b>Lexitimación</b>          | Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello.  |
| <b>Destinatarios</b>         | Non hai previsión de transferencias a terceiros países.   |
| <b>Dereitos</b>              | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional    |
| <b>Información Adicional</b> | Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://www.mondarizbalnearo.es">www.mondarizbalnearo.es</a> |

Adicionalmente:

|  |   |
|--|---|
| <input checked="" type="checkbox"/> Presto o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que, no seu caso, acompañaa poidan ser utilizados para a elaboración de estatísticas de interese xeral. |   |
| <b>Responsable</b>   | Concello de Mondariz Balneario  |
| <b>Finalidade Principal</b>  | Elaboración de estudos sobre o emprego público no ámbito local.   |
| <b>Lexitimación</b>  | Consentimento   |
| <b>Destinatarios</b>   | Non hai previsión de transferencias a terceiros países.   |
| <b>Dereitos</b>  | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional      |
| <b>Información Adicional</b>   | Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://www.mondarizbalneario.es">www.mondarizbalneario.es</a> |

En Mondariz Balneario, ..... de ..... de 2022

(SINATURA)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

**ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE**

NOME E APELIDOS:

DNI:

Declaro:



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR2CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10





CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

| <b>Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos</b>  |   |
|---|---|
| <input checked="" type="checkbox"/> Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos. |   |
| <b>Responsable</b>  | Concello de Mondariz Balneario.   |
| <b>Finalidade Principal</b>   | Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións derivadas destes.  |
| <b>Lexitimación</b>   | Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello.  |
| <b>Destinatarios</b>  | Non hai previsión de transferencias a terceiros países.   |
| <b>Dereitos</b>   | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional      |
| <b>Información Adicional</b>  | Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://www.mondarizbalneario.es">www.mondarizbalneario.es</a> |

Adicionalmente:

|  |   |
|--|---|
| <input checked="" type="checkbox"/> Presto o meu consentimento para que os datos achegados na instancia e na documentación que, no seu caso, acompañaa poidan ser utilizados para a elaboración de estatísticas de interese xeral. |   |
| <b>Responsable</b>   | Concello de Mondariz Balneario  |
| <b>Finalidade Principal</b>  | Elaboración de estudos sobre o emprego público no ámbito local.   |
| <b>Lexitimación</b>  | Consentimento   |
| <b>Destinatarios</b>   | Non hai previsión de transferencias a terceiros países.   |
| <b>Dereitos</b>  | Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional      |
| <b>Información Adicional</b>   | Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url <a href="http://www.mondarizbalneario.es">www.mondarizbalneario.es</a> |



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHAK4FR72CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ  
BALNEARIO

En Mondariz Balneario, ..... de ..... de 2022

(SINATURA)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO

O que manda e asina o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, en Mondariz Balneario a data que figura a marxe, ante min, o secretario, que certifico.



Cod. Validación: 92FZ7T46NK3MMHA-K4FR72CR6Z | Corrección: <https://mondarizbalneario.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10